

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 22 DE MAIO DE 2019

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 11:05 horas do día 22 de maio de 2019, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 20 de maio, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Nuria Rodríguez Rodríguez

Vocais: D^a. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
D. Alberto Escariz Couso
D^a. Susana Gallardo Fariña, vogal suplente do secretario xeral do Pleno
D^a. Pilar Carneiro Miniño (asiste aos puntos 2a e 3a)
D. José Ángel Lago Filgueira (asiste ao puntos
D. Gilberto Moldes Crespo (asiste aos punto 5b)
D. José Francisco Mourelle González (asiste aos puntos 8a e 9b)
D. Rubén Peña Barceló (asiste aos puntos 2b e 4a)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

1.- Incidencias**a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión integral e mantemento de sistemas de regulación e control do tráfico no Concello de Vigo (105.916-210) (medida cautelar de suspensión)**

Dáse conta da resolución de medida cautelar nº 73/2019 do 14 de maio de 2019 do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia de suspensión desta contratación. Así mesmo dáse conta da resolución nº 113/2019 do 21 de maio de 2019 pola que se desestima o recurso interposto pola 89plus, S.L. contra os pregos deste contrato.

2.- Apertura administrativa/Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos**a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de programación e execución dos campamentos de verán náutico e mariñeiro 2019 (8.814-336)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e na plataforma de licitación electrónica e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co único licitador presentado. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.



A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A “*Documentación persoal*”, tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento a TIERRA Y MAR MULTIAVENTURA, S.L. por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.

b) Procedemento aberto do subministro de material para mantementos e conservación a realizar nas instalacións deportivas dependentes do Concello de Vigo (18.183-333)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e na plataforma de licitación electrónica e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A “*Documentación persoal*”, tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:

1. FERRETERÍA VALFER, S.L.
2. GALLEGA DE PROYECTOS Y SERVICIOS, S.L.
3. MARESA ELECTRICIDAD, S.L.U.
4. ALMACENES CELSO MÍGUEZ, S.A.

- b) Outorgar un prazo de tres días aos seguintes licitadores para que poidan emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación:

1. COMERCIAL ANTONIO COSTAS FERNÁNDEZ, S.L. (deberá achegar o DEUC debidamente cumprimentado e asinado dixitalmente).
Para os efectos de facilitarlle a cumprimentación da parte IV, infórmase que respondendo afirmativamente a “*Parte IV: Criterios de selección / a: Indicación global relativa a todos los criterios de selección / Respecto a los criterios de selección, el operador económico declara que: Cumple todos los criterios de selección requeridos / Indique la respuesta*” enténdese que posúe a solvencia técnica e económica esixida no PCAP.
2. MORGASA, S.L. (deberá achegar o anexo VI “Grupo de empresas” esixido na cláusula 14.2A do PCAP asinado dixitalmente)
3. ORVILUX ELECTRICIDAD, S.L. (deberá achegar o anexo VI “Grupo de empresas” esixido na cláusula 14.2A do PCAP e indicar o/s lote/s ao/s que se presenta. A documentación deberá asinarse dixitalmente)

3.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de programación e execución dos campamentos de verán náutico e mariñeiro 2019 (8.814-336)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 18:31	Páxina 2 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A44B-EHB3B8-5DEE83-KW5WS7-5EEAL1-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Pola Secretaría e a Presidencia procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" do único licitador presentado e admitido.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

4.- Apertura económica

a) Procedemento aberto do subministro de material para mantementos e conservación a realizar nas instalacións deportivas dependentes do Concello de Vigo (18.183-333)

Retírase este asunto porque a Mesa acordou conceder un prazo para a emenda da documentación a varios licitadores.

5.- Apertura administrativa e técnica/Apertura administrativa e económica/Apertura técnica e económica

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación dos servizos de procurador dos tribunais do Concello de Vigo no partido xudicial de Madrid e perante órganos xurisdicionais e especiais con sede nesa Cidade (11.999-111) (emenda de documentación)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo de data 14 de maio de 2019, no que se abriu o sobre A comprensivo da documentación persoal e da proposición avaliable mediante xuízo de valor, ao día seguinte, se concedeu un prazo de tres días a D. MIGUEL TORRES ÁLVAREZ para que puidese emendar a documentación persoal.

O citado licitador presentou a documentación dentro do prazo concedido. Logo da súa cualificación, a Mesa acorda, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento a D. MIGUEL TORRES ÁLVAREZ por ter emendado a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.
- Solicitar informe ao servizo xestor de valoración das proposicións avaliables mediante xuízo de valor.

b) Procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro e instalación dun novo sistema de depuración de auga para as piscinas das zonas verdes de Samil (11.813-446) (emenda de documentación)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo de data 14 de maio de 2019,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 18:31	Páxina 3 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A44B-EHB3B8-5DEE83-KW5WS7-5EEAL1-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

no que se abriu o sobre A comprensivo da documentación persoal e da proposición avaliable a través de fórmula, ao día seguinte, se concedeu un prazo de tres días a AQUATIC INSTALACIONES DEPORTIVAS, S.L. e a SESTRAMA IBÉRICA, S.L. para que puidesen emendar a documentación persoal.

Durante o prazo concedido só presentou documentación SESTRAMA IBÉRICA, S.L. Logo da súa cualificación, a Mesa acorda, por unanimidade:

- a) Admitir neste procedemento a SESTRAMA IBÉRICA, S.L. por ter emendado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.
- b) Non admitir a AQUATIC INSTALACIONES DEPORTIVAS, S.L. neste procedemento por non ter presentado correctamente a documentación do sobre A segundo o esixido na cláusula 13 do PCAP e non emendala no prazo concedido para o efecto.
- c) Solicitar informe ao servizo xestor de valoración das proposicións avaliables a través de fórmula.

c) Procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de ordenadores de sobremesa, monitores, portátiles, tablets e clientes lixeiros (8.752-113)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e na plataforma de licitación electrónica:

1. INFODOCO INFRAESTRUCTURAS Y SEGURIDAD INFORMÁTICA, S.L.
2. ALGORITMOS, PROCESOS Y DISEÑOS, S.A
3. SOFTWARE Y COMUNICACIONES MARKA INFORMÁTICA, S.L.
4. TELINCO INFORMÁTICA, S.L.U.
5. APLICACIONES DE INFORMÁTICA AEVIGO, S.L.
6. HERBECON SYSTEMS, S.L.

Pregúntase aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con eles. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B (documentación persoal e proposición avaliable a través de fórmula) co seguinte resultado:

INFODOCO INFRAESTRUCTURAS Y SEGURIDAD INFORMATICA, SL

A proposición presentada por este licitador apártase substancialmente do modelo recollido no apartado 6B do Anexo I (FEC) do PCAP e os prezos unitarios propostos para os monitores, tablets e portátiles 15,6" exceden dos prezos unitarios recollidos no apartado 3G do citado Anexo I. Segundo a cláusula 14.2B do PCAP, a Mesa excluírá, entre outros supostos, aos licitadores cuxa proposición "Excedese do orzamento base de licitación" e "Se apartase substancialmente do modelo establecido".



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 18:31	Páxina 4 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A44B-EHB3B8-5DEE83-KW5WS7-5EEAL1-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



ALGORITMOS, PROCESOS Y DISEÑO, SA

1. Propón as seguintes porcentaxes de desconto aplicables aos prezos unitarios:
 - a) Porcentaxe de desconto aplicable ao prezo unitario dos equipos de sobremesa (350€): 35 (%).
 - b) Porcentaxe de desconto aplicable ao prezo unitario dos monitores (150€): 19 (%)
 - c) Porcentaxe de desconto aplicable ao prezo unitario dos portátiles de 15,6'' (470€): 0 (%)
 - d) Porcentaxe de desconto aplicable ao prezo unitario dos portátiles convertibles (968€): 8 (%)
 - e) Porcentaxe de desconto aplicable ao prezo unitario das tablets (290€): 3 (%)
 - f) Porcentaxe de desconto aplicable ao prezo unitario dos clientes lixeiros (363€): 13 (%)

2. Propón as seguintes melloras técnicas sobre os requisitos técnicos especificados na cláusula 2 do PPT:
 - a) Melloras técnicas dos equipos de sobremesa:
 - i. Incrementa as características técnicas do procesador a 2.169.
 - ii. Non incrementa os GB mínimos exixidos no PPT (8GB) para a memoria RAM.
 - iii. Non incrementa os GB mínimos exixidos no PPT (120GB) para o Disco Duro.

 - b) Melloras técnicas dos monitores:
 - i. Inclúe na oferta Pantalla LCD para os monitores: non
 - ii. Reduce o tempo de resposta máximo establecido no PPT (5 ms): si

 - c) Melloras técnicas dos portátiles 15,6'':
 - i. Incrementa as características técnicas do procesador a 1.945.
 - ii. Non incrementa os GB mínimos exixidos no PPT (8GB) para a memoria RAM.
 - iii. Incrementa os GB mínimos exixidos no PPT (120GB) para o Disco Duro a 256 (nº) GB.

 - d) Melloras técnicas dos portátiles convertibles:
 - i. Incrementa as características técnicas do procesador a 2.154
 - ii. Non incrementa os GB mínimos exixidos no PPT (8GB) para a memoria RAM.
 - iii. Incrementa os GB mínimos exixidos no PPT (120GB) para o Disco Duro a 256 (nº) GB.
 - iv. Inclúe na oferta o chasis de aluminio para os portátiles convertibles: non

 - e) Melloras técnicas das tablets:
 - i. Inclúe na oferta como sistema operativo das tablets o Sistema Operativo Android superior ó 6.0: si
 - ii. Non incrementa os GB mínimos exixidos no PPT (32GB) para a memoria interna .
 - iii. Non incrementa os GB mínimos exixidos no PPT (3GB) para a memoria RAM.
 - iv. Non inclúe na oferta o pen incorporado.
 - v. Incrementa os MP mínimos exixidos no PPT (8.0 MP) para á cámara a: non



f) Melloras técnicas dos Clientes Lixeiros:

- i. Inclúe na oferta compatibilidade dos clientes lixeiros HDX Premium: si
- ii. Inclúe na oferta o acendido/apagado dende o propio monitor: si

SOFTWARE Y COMUNICACIONES MARKA INFORMATICA, SA

1. Propón as seguintes porcentaxes de desconto aplicables aos prezos unitarios:

- a) Porcentaxe de desconto aplicable ao prezo unitario dos equipos de sobremesa (350€): 11 (%)
- b) Porcentaxe de desconto aplicable ao prezo unitario dos monitores (150€): 6,78 (%)
- c) Porcentaxe de desconto aplicable ao prezo unitario dos portátiles de 15,6'' (470€): 1 (%)
- d) Porcentaxe de desconto aplicable ao prezo unitario dos portátiles convertibles (968€): 12 (%)
- e) Porcentaxe de desconto aplicable ao prezo unitario das tablets (290€): 3,55 (%)
- f) Porcentaxe de desconto aplicable ao prezo unitario dos clientes lixeiros (363€): 10,35 (%)

2. Propón as seguintes melloras técnicas sobre os requisitos técnicos especificados na cláusula 2 do PPT:

a) Melloras técnicas dos equipos de sobremesa:

- i. Incrementa as características técnicas do procesador a 2.180.
- ii. Non incrementa os GB mínimos exixidos no PPT (8GB) para a memoria RAM.
- iii. Non incrementa os GB mínimos exixidos no PPT (120GB) para o Disco Duro.

b) Melloras técnicas dos monitores:

- i. Inclúe na oferta Pantalla LCD para os monitores: si
- ii. Reduce o tempo de resposta máximo establecido no PPT (5 ms): non

c) Melloras técnicas dos portátiles 15,6'':

- i. Incrementa as características técnicas do procesador a 1.844.
- ii. Non incrementa os GB mínimos exixidos no PPT (8GB) para a memoria RAM.
- iii. Incrementa os GB mínimos exixidos no PPT (120GB) para o Disco Duro a 256 (nº) GB.

d) Melloras técnicas dos portátiles convertibles:

- i. Incrementa as características técnicas do procesador a 1.864.
- ii. Non incrementa os GB mínimos exixidos no PPT (8GB) para a memoria RAM.
- iii. Incrementa os GB mínimos exixidos no PPT (120GB) para o Disco Duro a 256 (nº) GB.
- iv. Inclúe na oferta o chasis de aluminio para os portátiles convertibles: si



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 18:31	Páxina 6 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A44B-EHB3B8-5DEE83-KW5WS7-5EEAL1-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



e) Melloras técnicas das tablets:

- i. Inclúe na oferta como sistema operativo das tablets o Sistema Operativo Android superior ó 6.0: si
- ii. Non incrementa os GB mínimos exixidos no PPT (32GB) para a memoria interna.
- iii. Non incrementa os GB mínimos exixidos no PPT (3GB) para a memoria RAM.
- iv. Inclúe na oferta o pen incorporado: non
- v. Incrementa os MP mínimos exixidos no PPT (8.0 MP) para á cámara a: non

f) Melloras técnicas dos Clientes Lixeiros:

- i. Inclúe na oferta compatibilidade dos clientes lixeiros HDX Premium: si
- ii. Inclúe na oferta o acendido/apagado dende o propio monitor: non

TELINCO INFORMATICA, SLU

1. Propón as seguintes porcentaxes de desconto aplicables aos prezos unitarios:

- a) Porcentaxe de desconto aplicable ao prezo unitario dos equipos de sobremesa (350€): 15 (%)
- b) Porcentaxe de desconto aplicable ao prezo unitario dos monitores (150€): 3 (%)
- c) Porcentaxe de desconto aplicable ao prezo unitario dos portátiles de 15,6" (470€): 10 (%)
- d) Porcentaxe de desconto aplicable ao prezo unitario dos portátiles convertibles (968€): 0,10 (%)
- e) Porcentaxe de desconto aplicable ao prezo unitario das tablets (290€): 0,10 (%)
- f) Porcentaxe de desconto aplicable ao prezo unitario dos clientes lixeiros (363€): 10 (%)

2. Propón as seguintes melloras técnicas sobre os requisitos técnicos especificados na cláusula 2 do PPT:

a) Melloras técnicas dos equipos de sobremesa:

- i. Incrementa as características técnicas do procesador a 2.178.
- ii. Non incrementa os GB mínimos exixidos no PPT (8GB) para a memoria RAM.
- iii. Incrementa os GB mínimos exixidos no PPT (120GB) para o Disco Duro a 240 (nº) GB.

b) Melloras técnicas dos monitores:

- i. Inclúe na oferta Pantalla LCD para os monitores: non
- ii. Reduce o tempo de resposta máximo establecido no PPT (5 ms): si

c) Melloras técnicas dos portátiles 15,6":

- i. Incrementa as características técnicas do procesador a 1.499.
- ii. Non incrementa os GB mínimos exixidos no PPT (8GB) para a memoria RAM.
- iii. Non incrementa os GB mínimos exixidos no PPT (120GB) para o Disco Duro.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 18:31	Páxina 7 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A44B-EHB3B8-5DEE83-KW5WS7-5EEAL1-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

d) Melloras técnicas dos portátiles convertibles:

- i. Incrementa as características técnicas do procesador a 1,94.
- ii. Non incrementa os GB mínimos exixidos no PPT (8GB) para a memoria RAM.
- iii. Non incrementa os GB mínimos exixidos no PPT (120GB) para o Disco Duro.
- iv. Inclúe na oferta o chasis de aluminio para os portátiles convertibles: si

e) Melloras técnicas das tablets:

- i. Inclúe na oferta como sistema operativo das tablets o Sistema Operativo Android superior ó 6.0: si
- ii. non incrementa os GB mínimos exixidos no PPT (32GB) para a memoria interna.
- iii. Incrementa os GB mínimos exixidos no PPT (3GB) para a memoria RAM a (nº) GB.
- iv. Non inclúe na oferta o pen incorporado.
- v. Incrementa os MP mínimos exixidos no PPT (8.0 MP) para á cámara a: non (si/non)

f) Melloras técnicas dos Clientes Lixeiros:

- i. Inclúe na oferta compatibilidade dos clientes lixeiros HDX Premium: si
- ii. Inclúe na oferta o acendido/apagado dende o propio monitor: non

APLICACIONES DE INFORMÁTICA AEVIGO, SL

1. Propón as seguintes porcentaxes de desconto aplicables aos prezos unitarios:

- a) Porcentaxe de desconto aplicable ao prezo unitario dos equipos de sobremesa (350€): 2 (%)
- b) Porcentaxe de desconto aplicable ao prezo unitario dos monitores (150€): 2 (%)
- c) Porcentaxe de desconto aplicable ao prezo unitario dos portátiles de 15,6'' (470€): 0 (%)
- d) Porcentaxe de desconto aplicable ao prezo unitario dos portátiles convertibles (968€): 0 (%)
- e) Porcentaxe de desconto aplicable ao prezo unitario das tablets (290€): 10 (%)
- f) Porcentaxe de desconto aplicable ao prezo unitario dos clientes lixeiros (363€): 10 (%)

2. Propón as seguintes melloras técnicas sobre os requisitos técnicos especificados na cláusula 2 do PPT:

a) Melloras técnicas dos equipos de sobremesa:

- i. Incrementa as características técnicas do procesador a 5.190.
- ii. Non incrementa os GB mínimos exixidos no PPT (8GB) para a memoria RAM.
- iii. Non incrementa os GB mínimos exixidos no PPT (120GB) para o Disco Duro.

b) Melloras técnicas dos monitores:

- i. Inclúe na oferta Pantalla LCD para os monitores: si
- ii. Reduce o tempo de resposta máximo establecido no PPT (5 ms): si



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 18:31	Páxina 8 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A44B-EHB3B8-5DEE83-KW5WS7-5EEAL1-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

**Servizo de
CONTRATACIÓN**

**CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN**

**CONCELLO
DE VIGO**



c) Melloras técnicas dos portátiles 15,6”:

- i. Incrementa as características técnicas do procesador a 4.532
- ii. Non incrementa os GB mínimos exixidos no PPT (8GB) para a memoria RAM.
- iii. Incrementa os GB mínimos exixidos no PPT (120GB) para o Disco Duro a 256 (nº) GB.

d) Melloras técnicas dos portátiles convertibles:

- i. Incrementa as características técnicas do procesador a 8.151.
- ii. Non incrementa os GB mínimos exixidos no PPT (8GB) para a memoria RAM.
- iii. Incrementa os GB mínimos exixidos no PPT (120GB) para o Disco Duro a 256 (nº) GB.
- iv. Inclúe na oferta o chasis de aluminio para os portátiles convertibles: non

e) Melloras técnicas das tablets:

- i. Inclúe na oferta como sistema operativo das tablets o Sistema Operativo Android superior ó 6.0: si
- ii. Non incrementa os GB mínimos exixidos no PPT (32GB) para a memoria interna.
- iii. Incrementa os GB mínimos exixidos no PPT (3GB) para a memoria RAM a 4 (nº) GB.
- iv. Inclúe na oferta o pen incorporado: (si/non)
- v. Incrementa os MP mínimos exixidos no PPT (8.0 MP) para á cámara a: non

f) Melloras técnicas dos Clientes Lixeiros:

- i. Inclúe na oferta compatibilidade dos clientes lixeiros HDX Premium: non
- ii. Inclúe na oferta o acendido/apagado dende o propio monitor: non



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 18:31	Páxina 9 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A44B-EHB3B8-5DEE83-KW5WS7-5EEAL1-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

HERBECON SYSTEMS, S.L.

1. Propón as seguintes porcentaxes de desconto aplicables aos prezos unitarios:
 - a) Porcentaxe de desconto aplicable ao prezo unitario dos equipos de sobremesa (350€): 13 (%).
 - b) Porcentaxe de desconto aplicable ao prezo unitario dos monitores (150€): 10 (%)
 - c) Porcentaxe de desconto aplicable ao prezo unitario dos portátiles de 15,6'' (470€): 1 (%)
 - d) Porcentaxe de desconto aplicable ao prezo unitario dos portátiles convertibles (968€): 1 (%)
 - e) Porcentaxe de desconto aplicable ao prezo unitario das tablets (290€): 1 (%)
 - f) Porcentaxe de desconto aplicable ao prezo unitario dos clientes lixeiros (363€): 7 (%)

2. Propón as seguintes melloras técnicas sobre os requisitos técnicos especificados na cláusula 2 do PPT:
 - a) Melloras técnicas dos equipos de sobremesa:
 - i. Incrementa as características técnicas do procesador a 1.986.
 - ii. Non incrementa os GB mínimos exixidos no PPT (8GB) para a memoria RAM.
 - iii. Non incrementa os GB mínimos exixidos no PPT (120GB) para o Disco Duro.

 - b) Melloras técnicas dos monitores:
 - i. Inclúe na oferta Pantalla LCD para os monitores: si
 - ii. Reduce o tempo de resposta máximo establecido no PPT (5 ms): non

 - c) Melloras técnicas dos portátiles 15,6'':
 - i. Incrementa as características técnicas do procesador a 1.575.
 - ii. Non incrementa os GB mínimos exixidos no PPT (8GB) para a memoria RAM.
 - iii. Non incrementa os GB mínimos exixidos no PPT (120GB) para o Disco Duro.

 - d) Melloras técnicas dos portátiles convertibles:
 - i. Incrementa as características técnicas do procesador a 1.940.
 - ii. Non incrementa os GB mínimos exixidos no PPT (8GB) para a memoria RAM.
 - iii. Incrementa os GB mínimos exixidos no PPT (120GB) para o Disco Duro a 256 (nº) GB.
 - iv. Inclúe na oferta o chasis de aluminio para os portátiles convertibles: .non

 - e) Melloras técnicas das tablets:
 - i. Inclúe na oferta como sistema operativo das tablets o Sistema Operativo Android superior ó 6.0: non
 - ii. Non incrementa os GB mínimos exixidos no PPT (32GB) para a memoria interna.
 - iii. Non incrementa os GB mínimos exixidos no PPT (3GB) para a memoria RAM a (nº) GB.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 18:31	Páxina 10 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A44B-EHB3B8-5DEE83-KW5WS7-5EEAL1-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



- iv. Non inclúe na oferta o pen incorporado.
- v. Incrementa os MP mínimos exixidos no PPT (8.0 MP) para á cámara a: .non
- f) Melloras técnicas dos Clientes Lixeiros:
 - i. Inclúe na oferta compatibilidade dos clientes lixeiros HDX Premium: si
 - ii. Inclúe na oferta o acendido/apagado dende o propio monitor: non

Asiste á apertura D^a. Marina Alonso González, con DNI **.00.48*, en representación de MARKA INFORMÁTICA, S.L. A acta de asistencia incorpórase ao expediente.

Acto seguido compróbase a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos. INFODOCO INFRAESTRUCTURAS Y SEGURIDAD INFORMÁTICA, S.L. e HERBECON SYSTEMS, S.L. non presentaron o Documento Europeo Único de Contratación (DEUC).

Á vista do anterior, a Mesa acorda, por unanimidade:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
 1. ALGORITMOS, PROCESOS Y DISEÑOS, S.A
 2. SOFTWARE Y COMUNICACIONES MARKA INFORMÁTICA, S.L.
 3. TELINCO INFORMÁTICA, S.L.U.
 4. APLICACIONES DE INFORMÁTICA AEVIGO, S.L.
- b) Outorgar un prazo de tres días a HERBECON SYSTEMS, S.L. para que poida emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación. Concretamente deberá presentar o DEUC debidamente cumprimentado e asinado dixitalmente.

Para os efectos de facilitarlle a cumprimentación da parte IV, infórmase que respondendo afirmativamente a *“Parte IV: Criterios de selección / a: Indicación global relativa a todos los criterios de selección / Respecto a los criterios de selección, el operador económico declara que: Cumple todos los criterios de selección requeridos / Indique la respuesta”* enténdese que posúe a solvencia técnica e económica esixida no PCAP.
- c) Excluir a INFODOCO INFRAESTRUCTURAS Y SEGURIDAD INFORMÁTICA, S.L. por apartarse a súa proposición avaliable a través de fórmula do modelo recollido no apartado 6B do Anexo I (FEC) do PCAP e por exceder os prezos unitarios propostos para os monitores, tablets e portátiles 15,6” dos prezos unitarios recollidos no apartado 3G do citado Anexo I, ambos motivos de exclusión recollidos na cláusula 14.2B do PCAP.

8.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo integrado de comunicacións do Concello de Vigo (8.685-113) (informe sobre C con proposta de clasificación)

Entrégase o informe asinado polo técnico responsable de Seguridade Informática e o xefe



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 18:31	Páxina 11 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A44B-EHB3B8-5DEE83-KW5WS7-5EEAL1-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

do Servizo de Administración Electrónica o 20 de maio de 2019 de valoración do sobre C “*proposición avaliable a través de fórmula*” coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos técnicos e docentes para as piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e dos servizos para impartir ensinanzas e actividades deportivas nos ximnasios e instalacións dependentes da Concellería de Deporte (2.496-611) (informe sobre C con proposta de clasificación)

Entrégase o informe asinado polo director técnico - adxunto á Xefatura de Deportes o 21 de maio de 2019 de valoración do sobre C “*proposición avaliable a través de fórmula*” coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

9.- Propostas de clasificación/clasificación

a) Procedemento aberto do subministro de material para mantementos e conservación a realizar nas instalacións deportivas dependentes do Concello de Vigo (18.183-333)

Retírase este asunto porque a Mesa acordou conceder un prazo para a emenda da documentación a varios licitadores.

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo integrado de comunicacións do Concello de Vigo (8.685-113)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público - LCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo integrado de comunicacións do Concello de Vigo (8.685-113) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitador	Puntuación total
1	UTE TELEFÓNICA DE ESPAÑA, S.A.U. e TELEFÓNICA MÓVILES ESPAÑA S.A.U.	94,59
2	VODAFONE ESPAÑA S.A.U.	73,80

Segundo.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE TELEFÓNICA DE ESPAÑA, S.A.U. e TELEFÓNICA MÓVILES ESPAÑA S.A.U., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 18:31	Páxina 12 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A44B-EHB3B8-5DEE83-KW5WS7-5EEAL1-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

c) Procedemento aberto para a contratación dos servizos técnicos e docentes para as piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e dos servizos para impartir ensinanzas e actividades deportivas nos ximnasios e instalacións dependentes da Concellería de Deporte (2.496-611)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público - LCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos técnicos e docentes para as piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e dos servizos para impartir ensinanzas e actividades deportivas nos ximnasios e instalacións dependentes da Concellería de Deporte (2.496-611) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitador	Puntuación total
1	FCC AQUALIA, S.A.	90,75
2	CLECE, S.A.	69,66
3	UTE ACCIONA FACILITY SERVICES, S.A. e EBONE SERVICIOS EDUCACIÓN DEPORTE, S.L.	55,25

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, FCC AQUALIA, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

10.- Propostas de adjudicación

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación de servizos de produción técnica de apoio á celebración de eventos deportivos do programa “Calendario de eventos deportivos da Cidade de Vigo” (18.041-333)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 18:31	Páxina 13 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A44B-EHB3B8-5DEE83-KW5WS7-5EEAL1-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A secretaria comunica aos membros da Mesa que con data do 8 de maio de 2019 se notificou o acordo de clasificación e requirimento de documentación a TEAM RELAY, S.L., que presenta a documentación requirida o 20 de maio, dentro do prazo concedido.

Respecto da solvencia técnica, o licitador presenta unha relación de “EVENTOS DE IGUAL O SIMILAR NATURALEZA REALIZADOS EN LOS ÚLTIMOS AÑO” dos anos 2017 e 2018 que suman 25.147,97 euros. Os eventos foron realizados para o Concello de Vigo, polo que se deberá comprobar polo servizo xestor se eses datos constan en poder desta Administración. O resto da documentación é correcta.

Á vista da documentación presentada a Mesa acorda, por unanimidade:

- Conceder un prazo de 3 días a TEAM RELAY, S.L. para que poida completar a solvencia técnica acreditada de conformidade co previsto na cláusula 8.5.3ª do PCAP.

Segundo esta cláusula o licitador deberá acreditar servizos similares por importe do prezo do contrato (33.563,49 euros) nun dos últimos tres anos. Isto é, non poderá acumular servizos de varios anos.

Respecto da forma de acreditación, o PCAP indica que os servizos efectuados se acreditarán mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público e cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario, acompañado dos documentos que consten no seu poder que acrediten a realización da prestación.

b) Procedemento aberto para a contratación do subministro de mobiliario da sala de lectura-biblioteca de Navia (20.266-240)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do subministro de mobiliario da sala de lectura-biblioteca de Navia (20.266-240)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 3 de maio de 2019, adoptou o seguinte acordo:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 18:31	Páxina 14 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A44B-EHB3B8-5DEE83-KW5WS7-5EEAL1-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro de mobiliario da sala de lectura-biblioteca de Navia (20.266-240) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Prezo do contrato
1	KL-1 MOBILIARIO DE OFICINA, S.L.	41.681,02 €
2	CRITERIO EQUIPAMIENTO E INSTALACIONES, S.L.	51.565,12 €
3	SOLIDA SOLUCIONES INTEGRALES, S.L.	53.880,09 €
4	SPIRAL CONTRACT, S.L.	56.937,76 €

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, KL-1 MOBILIARIO DE OFICINA, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, KL-1 MOBILIARIO DE OFICINA, S.L., o día 3 de maio de 2019, que presenta a documentación requirida o 16 de maio, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 22 de maio de 2019 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar KL-1 MOBILIARIO DE OFICINA, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do



licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa economicamente para a administración contratante é a formulada por KL-1 MOBILIARIO DE OFICINA, S.L., de conformidade co acordado pola Mesa de Contratación na sesión do 30 de abril de 2019.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a KL-1 MOBILIARIO DE OFICINA, S.L. o procedemento aberto para a contratación do subministro de mobiliario da sala de lectura-biblioteca de Navia (20.266-240) por un prezo total de 41.681,02 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 7.233,90 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

c) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de programación e execución dos campamentos de verán 2019 (8.752-336) (lotes 4 e 5)

Dáse conta da resolución nº 115/2019 do 21 de maio do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia polo que non se admite o recurso interposto por AVENTEIRA SOCIEDAD COOPERATIVA GALEGA XUVENIL.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dos servizos de programación e execución dos campamentos de verán 2019 (8.752-336)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 18:31	Páxina 16 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A44B-EHB3B8-5DEE83-KW5WS7-5EEAL1-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 25 de abril de 2019, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 17 de abril de 2019, dos licitadores que deseguido se relacionan por exceder as súas ofertas do orzamento base de licitación:

1. SERVIPLUSTOTAL, S.L. (lote 7)
2. AVENTEIRA S. COOP. GALEGA XUVENIL (lote 9)

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas nos lotes 4, 5, 6, 7, 8, 9 e 10 deste procedemento aberto para a contratación dos servizos de programación e execución dos campamentos de verán 2019 (8.752-336) na seguinte orde descendente:

Lote 4 VERÁN NA PRAIA I:

Orde	Licitador	Puntuación total
1	DANIELA ALVITE WAISMAN (IMAXINA SERVIZOS EDUCATIVOS E CULTURAIS)	88,22
2	SERVIPLUSTOTAL, S.L.	87,00
3	AVENTEIRA S. COOP. GALEGA XUVENIL	49,43

Lote 5 VERÁN NA PRAIA II:

Orde	Licitador	Puntuación total
1	DANIELA ALVITE WAISMAN (IMAXINA SERVIZOS EDUCATIVOS E CULTURAIS)	88,05
2	SERVIPLUSTOTAL, S.L.	87,00
3	BARAFUNDA, S.L.	39,36

Lote 6 VERÁN CON TEMÁTICAS ECOLÓXICAS/MEDIO AMBIENTAIS:

Orde	Licitador	Puntuación total
1	UTE XÉRMOLO, DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. e CERQUIÑO S. COOP. GALEGA	89,00
2	BARAFUNDA, S.L.	30,12

Lote 7 VERÁN CON TEMÁTICAS ARTÍSTICAS:

Orde	Licitador	Puntuación total
1	BARAFUNDA, S.L.	69,25

Lote 8 VERÁN CON TEMÁTICAS PRE-MULTIDEPORTIVAS:

Orde	Licitador	Puntuación total
1	MR. PICKWICK SCHOOL, S.L.	74,75

Lote 9 VERÁN EN INGLÉS:

Orde	Licitador	Puntuación total
1	MR. PICKWICK SCHOOL, S.L.	81,75

Lote 10 CAMPAMENTO CON PERNOCTA EN VIGOZOO:

Orde	Licitador	Puntuación total
1	XÉRMOLO, DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L.	90,00

Terceiro.- Requirir aos licitadores clasificados en primeiro lugar, DANIELA ALVITE WAISMAN (IMAXINA SERVIZOS EDUCATIVOS E CULTURAIS) nos lotes 4 e 5, UTE XÉRMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. e CERQUIÑO S. COOP. GALEGA no lote 6, BARAFUNDA, S.L. no lote 7, MR. PICWICK SCHOOL, S.L. nos lotes 8 e 9, e XÉRMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. no lote 10, para que presenten, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar nos lotes 4 e 5, DANIELA ALVITE WAISMAN (IMAXINA SERVIZOS EDUCATIVOS E CULTURAIS), que presenta a documentación requirida nas datas 9 e 10 de maio de 2019.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 22 de maio de 2019 revisou a documentación presentada, sendo correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación dos lotes 4 e 5 deste procedemento.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 18:31	Páxina 18 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A44B-EHB3B8-5DEE83-KW5WS7-5EEAL1-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar nos lotes 4 e 5, DANIELA ALVITE WAISMAN (IMAXINA SERVIZOS EDUCATIVOS E CULTURAI), como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

As ofertas coa mellor relación calidade-prezo para a administración contratante nos lotes 4 e 5 son as formuladas por DANIELA ALVITE WAISMAN (IMAXINA SERVIZOS EDUCATIVOS E CULTURAI), de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 15 e 23 de abril de 2019, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a DANIELA ALVITE WAISMAN (IMAXINA SERVIZOS EDUCATIVOS E CULTURAI) os lotes 4 e 5 do procedemento aberto para a contratación dos servizos de programación e execución dos campamentos de verán 2019 (8.752-336) coas seguintes condicións:

Lote 4 Verán na praia I:

- a) O prezo total do lote é de 18.568,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.688,00 euros.*
- b) Propón a realización de 4 saídas e excursións con desprazamento en autobús discrecional ou barco.*
- c) Propón 1 persoa con formación específica para a atención aos nenos e nenas con necesidades educativas especiais a maiores do persoal segundo o previsto no*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 18:31	Páxina 19 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A44B-EHB3B8-5DEE83-KW5WS7-5EEAL1-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

PPT.

Lote 5 Verán na praia II:

- a) O prezo total do lote é de 18.568,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.688,00 euros.
- b) Propón a realización de 4 saídas e excursións con desprazamento en autobús discrecional ou barco.
- c) Propón 1 persoa con formación específica para a atención aos nenos e nenas con necesidades educativas especiais a maiores do persoal segundo o previsto no PPT.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e as ofertas presentadas”.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 12:20 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 18:31	Páxina 20 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A44B-EHB3B8-5DEE83-KW5WS7-5EEAL1-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		